

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DOS ESTABELECIMENTOS COMERCIAIS HOMENAXEADOS POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ANO 2010

Obxecto

Establecer as bases reguladoras da selección dos establecementos comerciais homenaxeados pola Concellaría de Promoción Económica e Comercio no seo do programa municipal “Homenaxe ao comercio de Compostela, 2010” e proceder a súa convocatoria.

Requisitos para a presentación de solicitudes

Poderán participar todos os establecementos comerciais polo miúdo abertos ao público no Concello de Santiago. Os requisitos mínimos de participación deben cumprirse con referencia á data de presentación da solicitude.

Non poderán participar os establecementos comerciais xa homenaxeados en anualidades anteriores, a saber: 2006, 2007, 2008 e 2009.

Os criterios de valoración serán os seguintes:

1. Antigüidade do establecemento consonte os seguintes parámetros:

- a. De 0 a 25 anos de apertura: 1 punto.
- b. De 26 a 50 anos de apertura: 2 puntos.
- c. De 51 a 75 anos de apertura: 4 puntos.
- d. De 76 a 100 anos de apertura: 7 puntos.
- e. De 101 a 150 anos de apertura: 11 puntos.
- f. Máis de 151 anos de apertura: 20 puntos.

Para os efectos destas bases, entenderase como data de apertura do establecemento aquela que figure no(s) documento(s) que se acheguen para acreditar a existencia do comercio. Admitirase calquera tipo de documentación: licenza de apertura, licenza de obras, recibos de custos correntes, contratos, e similares. Non se admitirán recortes de prensa que fagan referencia a datas se non aparecen contrastadas con algún outro documento.

En defecto da proba documental referida, admitirase unha declaración responsábel expresiva da antigüidade do establecemento. Á vista desta declaración, se o xurado, amplo coñecedor do sector comercial e dos seus axentes, a avala coa súa experiencia e coñecemento teranse en conta os anos de antigüidade declarados. Non obstante, en caso de discrepancia, prevalecerá en todo caso a proba documental que indubidabelmente acredite a antigüidade fronte á declaración.

2. Que o establecemento comercial pasara de xeración a xeración no seo dunha mesma familia desde a súa fundación. É dicir que a súa explotación fose sempre familiar, no seo da mesma familia. A puntuación é a seguinte:

- a. Establecemento familiar: 5 puntos.
- b. Establecemento non familiar por existir un traspaso desde a súa fundación a persoas alleas á familia fundadora: 3 puntos.

c. Establecemento non familiar por existir máis dun traspaso, desde as súas orixes, a persoas alleas á familia fundadora: 1 punto.

Téñanse en conta as mesmas consideracións sobre a proba documental ou a supletoria declaración responsábel feitas en relación co criterio temporal anterior.

Documentación

Os establecementos comerciais poderán eles mesmos presentar a súa candidatura ou ben ser propostos por outros comerciantes ou asociacións de comerciantes.

As solicitudes deberán presentarse, segundo o modelo normalizado que figura como anexo I a estas bases, no Rexistro Xeral do Concello de Santiago na rúa do Presidente Salvador Allende, 4 baixo, Santiago de Compostela, ou calquera dos seus rexistro auxiliares (rúa de Berlín 13 e rúa de Frei Rosendo Salvado 14-16) xunto coa seguinte documentación:

1. Documentación acreditativa ou supletoria declaración responsábel dos anos de antigüidade.
2. Documentación acreditativa ou supletoria declaración responsábel de que o establecemento foi explotado de xeración en xeración no seo dunha mesma familia ou, se é o caso, documentación acreditativa ou supletoria declaración responsábel en senso contrario.

Todo documento non orixinal deberá vir compulsado notarialmente ou polo Concello de Santiago.

A falsidade nas declaracións prestadas ou nos documentos presentados dará lugar, segundo o caso, á denegación, sen entrar en valoracións, da solicitude presentada, ou á revogación da candidatura outorgada.

Composición da comisión seleccionadora

A composición da comisión avaliadora é a seguinte:

1. Xosé Manuel Iglesias Iglesias, Concelleiro de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago, como Presidente da Comisión.
2. Unha representación das asociacións de comerciantes existentes na cidade: Fundación Santiago Centro Área Comercial, Asociación de Comerciantes e Profesionais Compostela Monumental Centro Comercial Aberto, Agrupación de Comerciantes de Santiago, Asociación de Usuarios e Consumidores da Praza de Abastos de Santiago e Asociación de comerciantes da rúa de San Pedro.
3. Representación de Euroconsumo Galicia, Asociación de consumidores de Galicia.
4. Representación da Cámara de Comercio de Santiago.

Data límite de presentación de solicitudes

16 de abril de 2010

Comunicación dos establecementos homenaxeados

A comisión reunirse entre o día 19 e 22 de abril de 2010 e a listaxe definitiva dos homenaxeados notificarase a continuación a estes á vez que se publicará na web www.maiscompostela.org.

No suposto de que o titular dalgún dos comercios seleccionados rexeitase o seu nomeamento, independentemente de que presentara el mesmo a solicitude ou fora proposto por outro comerciante ou asociación de comerciantes, nomearase ao seguinte candidato con maior puntuación.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2010

O Concelleiro Delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago

Asdo.: Xosé Manuel Iglesias Iglesias

ANEXO I
CONVOCATORIA SELECCIÓN ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS
HOMENAXEADOS. ANO 2010
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

(nome).....en
representación de (estabelecemento comercial/razón
social).....
.....con domicilio social en
..... e NIF/CIF
nº.....e teléfono de contacto.....

En virtude da convocatoria da Concellaría de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela relativa á selección dos establecementos comerciais polo miúdo abertos ao público no Concello de Santiago que serán homenaxeados pola Concellaría e Promoción Económica e Comercio ano 2010.

SOLICITO

A admisión desta solicitude de participación no proceso selectivo dos establecementos comerciais situados no Concello de Santiago que serán homenaxeados pola Concellaría de Promoción Económica e Comercio ano 2010.

Santiago de Compostela,dede 2010.

Asdo.:/

*Consonte o establecido na LO 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, o solicitante queda informado e consinte expresamente que os datos de carácter persoal que proporciona nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento, automatizado ou non, en relación cos fins exclusivos do obxecto da solicitude. Así mesmo, o solicitante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos da referida Lei orgánica.

